

# Oreallas atentas!

## Cadro de coavaliación

Agora, para poñer en práctica o ben que aprendemos a pronunciar. Formade grupos de catro persoas e cada grupo escollerá unha representante para ler en alto o seguinte texto. Mentres a persoa le, o resto do alumnado ten que coavaliar a súa pronuncia utilizando o seguinte cadro.

**O** xoves fun **ao** campo de fútbol **con Antía**. Iamos ver **xogar** o equipo da nosa vila, pero aínda que ela non **o** quería dicir, a verdade é que tiña amigas que **xogaban** no equipo rival. As nosas tiñan que gañar **o** partido para seguir tendo opcións de conseguir **o** campionato... E, **a que non sabedes a quen animaba Antía?**

Texto	En que nos temos que fixar?	Que tal o fixo?
<b>o</b>	É un “o” pechado e átono. Lembra que se le <u>así</u> .	<input type="checkbox"/> Perfecto! <input type="checkbox"/> Pódese mellorar.
<b>xoves</b>	É un son fricativo palatal xordos. Non debe lerse nin como /ks/ nin como /s/. Lembra que se pronuncia <u>así</u> .	<input type="checkbox"/> Perfecto! <input type="checkbox"/> Pódese mellorar.
<b>ao</b>	É un o aberto [ɔ] e tónico. Lembra que se pronuncia <u>así</u> .	<input type="checkbox"/> Perfecto! <input type="checkbox"/> Pódese mellorar.
<b>con Antía</b>	Aquí, no -n final e o A- de Antía non se unen, e o -n pronúnciase como o de “unha”, <u>así</u> , e non como o de “Conan”.	<input type="checkbox"/> Perfecto! <input type="checkbox"/> Pódese mellorar.
<b>xogar</b>	É un son fricativo palatal xordo. Non debe lerse nin como /ks/ nin como /s/. Lembra que se pronuncia <u>así</u> .	<input type="checkbox"/> Perfecto! <input type="checkbox"/> Pódese mellorar.
<b>non o</b>	Aquí o -n e o o si que se unen, polo que se -n pronúnciase como o de <u>mono</u> , por exemplo.	<input type="checkbox"/> Perfecto! <input type="checkbox"/> Pódese mellorar.
<b>xogaban</b>	É un son fricativo palatal xordo. Non debe lerse nin como /ks/ nin como /s/. Lembra que se pronuncia <u>así</u> .	<input type="checkbox"/> Perfecto! <input type="checkbox"/> Pódese mellorar.
<b>gañar o</b>	Aquí hai un encontro, e pronúnciase “gañalo”.	<input type="checkbox"/> Perfecto! <input type="checkbox"/> Pódese mellorar.
<b>conseguir o</b>	Aquí hai un encontro, e pronúnciase “conseguilo”.	<input type="checkbox"/> Perfecto! <input type="checkbox"/> Pódese mellorar.
<b>a que non sabedes a quen animaba Antía?</b>	É unha interrogativa e debe lerse en ton descendente (sen subir ao final)	<input type="checkbox"/> Perfecto! <input type="checkbox"/> Pódese mellorar.
<b>Nº de pronuncias avaliadas ben feitas</b>		____ de 10



“Oreallas atentas. Cadro de coavaliación”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)